

## 2º Concurso de Fotografía ENFOCA AMES

### BASES TÉCNICAS

#### 1.- OBXECTIVO

A Xuntanza de Empresarios de Ames-XEA é a organizadora do concurso **Enfoca Ames**, participando como colaborador o Concello de Ames a través dos departamentos de Medio Ambiente e Turismo co obxectivo de fomentar o achegamento da cidadanía aos lugares máis emblemáticos do Concello de Ames.

#### 2.- PARTICIPANTES

Poden participar neste certame todas as persoas residentes en España maiores de 18 anos, con independencia do seu lugar de orixe.

As fotografías serán orixinais e inéditas, presentando só unha fotografía por categoría.

#### 3.- CUSTE

A inscrición é gratuíta.

#### 4.- TEMA

As persoas participantes deberán presentar unha fotografía que recolla o patrimonio natural, artístico e/ou cultural do Concello de Ames. Admítese unha fotografía por cada categoría.

#### 5.- CATEGORÍAS

**1. Categoría Paisaxe:** A fotografía de paisaxes mostra os espazos do mundo que adoitan captar a presenza da natureza, pero tamén poden centrarse en características creadas polo home ou perturbacións das paisaxes.

**2. Categoría Macro:** Unha fotografía macro permítenos amplificar as cousas que son pequenas a simple vista.

**3. Categoría Artística:** A fotografía artística contempla a posibilidade da edición e manipulación das capturas. Está relacionada cun aspecto máis subxectivo e incluso surrealista.

## 6.- PRESENTACIÓN DAS OBRAS

A/s obra/s deberán ser enviadas xunto coa ficha de inscrición (Anexo I) ao correo electrónico [enfocames@gmail.com](mailto:enfocames@gmail.com).

O nome do arquivo da fotografía deberá coincidir co nome da obra que conste no Anexo I.

A Xuntanza de Empresarios de Ames resérvase o dereito a elaborar unha exposición fotográfica coas composicións que participen no Concurso.

A Xuntanza de Empresarios de Ames non gardará nin utilizará os datos persoais de ningunha das persoas participantes, salvo os necesarios para identificar as persoas premiadas.

## 7.- COMPROMISOS DAS PERSOAS PARTICIPANTES

**7.1.-** As persoas participantes deberán garantir ser as únicas titulares de tódolos dereitos de autoría da/s fotografía/s que se presenta a concurso e se responsabilizan de toda reclamación fronte a terceiros derivada do incumprimento da citada garantía.

**7.2.-** As persoas participantes deberán aceptar a responsabilidade sobre as imaxes captadas nas fotografías presentadas a concurso.

**7.3.-** As persoas participantes recoñecen o dereito de XEA para elaborar unha exposición fotográfica coas composicións que participen no concurso.

**7.4.-** As persoas participantes darán o seu consentimento para que as composicións enviadas sexan expostas no *Instagram Xuntanza Empresarios Ames* e no *Facebook Xuntanza de Empresarios de Ames* co hashtag **#enfocames**.

## 8.- PRAZO DE ENTREGA

Do 13 ao 24 de maio de 2022.

## 9.- LIMITACIÓNS TÉCNICAS

Non se aceptarán imaxes que non reúnan un mínimo de calidade ou con contidos contrarios á legalidade vixente.

As fotografías serán realizadas acorde ó dereito á propia imaxe, complementario ó dereito á intimidade. Este dereito garante a protección do que se consideran as cualidades que definen unha persoa: imaxe física, voz e nome.

A Xuntanza de Empresarios de Ames resérvase o dereito de veto no caso de que algunha das imaxes sexa contraria á legalidade, ou se mostren persoas en accións pouco dignificantes.

## 10.- PREMIOS

Os premios que se outorgan, por categoría, son os seguintes:

**1º Premio** un Cheque para gastar nos comercios asociados de XEA por un valor de 100€.

**2º Premio** un Cheque para gastar nos comercios asociados de XEA por un valor de 50€.

**3º Premio** un Cheque para gastar nos comercios asociados de XEA por un valor de 25€.

O Resultado do concurso será publicado o día 30 de maio nas páxinas web tanto de XEA como do Concello de Ames. As persoas agraciadas serán notificadas mediante chamada telefónica.

## 11.- XURADO

O xurado estará composto por 4 persoas, dúas aportadas por XEA e outras dúas aportadas polo Concello de Ames.

## 12.- LICENZA

Todos as persoas participantes outorgan a Xuntanza de Empresarios de Ames unha licenza suficiente sobre os dereitos de reprodución, publicación, distribución, transformación, comunicación pública e posta a disposición da súa obra.

Ademais, a Xuntanza de Empresarios de Ames poderá usar algunha das obras gañadoras como imaxe do Concurso de Fotografía ENFOCA AMES en próximas edicións.

A participación no 2º Concurso Enfoca Ames implica a aceptación destas bases.

En Ames, a 12 de maio de 2022.

**ANEXO I**  
**INSCRICIÓN NO 2º CONCURSO DE FOTOGRAFÍA**  
**ENFOCAAMES**

D./Dna. \_\_\_\_\_

con DNI \_\_\_\_\_ Teléfono \_\_\_\_\_

Correo electrónico \_\_\_\_\_

Enderezo a efectos de notificación \_\_\_\_\_

1.- SOLICITO INSCRICIÓN

Da obra nomeada .....

Na Categoría .....

2.- DECLARO:

- Ser a única persoa titular de tódolos dereitos de autoría da/s fotografía/s que se presenta a concurso e se responsabiliza de toda reclamación fronte a terceiros derivada do incumprimento da citada garantía.
- Que acepto a responsabilidade sobre as imaxes captadas na fotografía presentada a concurso.
- Que recoñezo o dereito de XEA para elaborar unha exposición fotográfica coas composicións que participen no concurso.
- Que consinto que as composicións enviadas sexan expostas no *Instagram Xuntanza Empresarios Ames* e no *Facebook Xuntanza de Empresarios de Ames* co hashtag **#enfocames**.
- Acepto as bases que rexen o concurso de fotografía Enfoca Ames.

**Toda a información sobre o procedemento consta nas bases do 2º Concurso de Fotografía Enfoca Ames.**

Asdo. A persoa participante

Ames, ..... de ..... de 2022